

González Santín leva “o escandaloso abandono” que están a sufrir os residentes de As Gándaras ao Parlamento

Confirma que presentará distintas preguntas na Cámara galega, co fin de que o PP dea as explicacións oportunas, “xa que resulta inadmisibile que os nosos maiores poidan vivir en tales condicións nun centro financiado con fondos públicos”

“Este é o paradigma de antipolítica social máis claro que pode levar a cabo un Goberno. Lonxe de mellorar a súa calidade de vida e de coidalos, o único que fai é tomar decisións que dificultan, e moito, a posibilidade de que poidan vivir con tranquilidade e sosego. Non se pode primar o interese económico dun negocio fronte á importancia de que unha persoa maior estea ben atendida”, insiste

Considera que “o Goberno da Xunta pasará á historia por ser o Goberno máis insolidario xamais visto e por ser o Goberno que máis discriminou aos lucenses. A Feijóo debería de darlle vergoña”, subliña

Alerta de que “de nada nos serve que, dado que hai unhas eleccións de por medio, nos veñan dentro dalgún tempo con logros e promesas. Os feitos, son feitos, e en Lugo os feitos son que Feijoo incumpriu sistematicamente dende 2009 a súa palabra con Hemodinámica, reduciu a autonomía dos Hospitais coa xestión integrada, pechou camas e servizos, eliminou profesionais e baixou os brazos na asistencia aos maiores”

LUGO, 26 DE FEBREIRO DE 2015.- O deputado autonómico –Juan Carlos González Santín-, pedirá explicacións á Xunta de Galicia no Parlamento polo “escandaloso abandono que están a sufrir os residentes de As Gándaras”, tal e como fixo público o propio Comité de Empresa no día de hoxe. Neste senso, confirma que presentará distintas preguntas na Cámara galega, co fin de que o Partido Popular dea as explicacións oportunas, xa que “resulta inadmisibile que os nosos maiores poidan vivir en tales condicións nun centro financiado con fondos públicos e que, por riba, a Consellería de Traballo teña a desfachatez de afirmar que os afectados reciben os coidados necesarios”.

“Sinceramente, e falo como cidadán e non como político, paréceme unha situación tan grave, tan inxustificable e tan inxusta que non sei como esta Xunta de Galicia se atreve pisar esta cidade e mirarlle aos ollos aos lucenses”. Asimesmo, lamenta que, “unha vez máis, se demostre que o Partido Popular lle preocupa todo, menos a xente. En Lugo sabémolo ben, sabémolo con Hemodinámica, sabémolo con Radioterapia, sabémolo cos medicamentos da Hepatite C e, agora, semella que tamén lle chegou a quenda aos nosos maiores. A que traxedia sanitaria e asistencial nos quere levar este Goberno de Feijóo?”, pregúntase Santín.

“Antipolítica social”

“Este é o paradigma de antipolítica social máis claro que pode levar a cabo un Goberno. Lonxe de mellorar a calidade de vida e de coidar aos maiores, o único que fai é tomar decisións que dificultan, e moito, a posibilidade de que poidan vivir con tranquilidade e sosego. Non se pode primar o interese económico dun negocio fronte á importancia de que unha persoa maior estea ben atendida”, insiste González Santín.

“O Goberno máis insolidario xamais visto”

Por todo elo, o secretario Provincial considera que “este Goberno de Feijóo pasará á historia por ser o Goberno máis insolidario xamais visto”. E é que “despois de toda a unha vida traballando, estas persoas atópanse desamparadas e atacadas por unha xestión inaceptable. Hai que pensar que este mesmo centro tamén foi hai pouco tempo un importante foco de lexionela... Por iso, agardamos que dean a cara, porque xa anuncio que non nos vai servir outra resposta que non sexa a de arranxar esta situación e que garantan unha boa calidade de vida a estas persoas”, subliña.

“A Feijóo debería de darlle vergoña”

“Sinceramente, á calquera presidente da Xunta que, nunha cidade como a de Lugo, na que se reprobou á unha das súas conselleiras como persoa non grata, e que agora outro membro do seu equipo manifieste tal insolidariedade, debería darlle vergoña. Sabemos que este Goberno de Feijóo é o Goberno das contas e o Goberno da caixa, pero tamén sabemos que é o Goberno que máis discriminou aos lucenses”. Por iso, engade, “de nada nos serve que, dado que hai unhas eleccións de por medio, nos veñan dentro dalgún tempo con logros e promesas. Os feitos, son feitos, e en Lugo os feitos son que Feijoo incumpriu sistematicamente dende 2009 a súa palabra no que se refire a Hemodinámica, reduciu a autonomía dos Hospitais provinciais coa xestión integrada, pechou camas e servizos, eliminou profesionais e baixou os brazos na asistencia aos maiores”.